



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Publicación edicto padrón do prezo público por actividades deportivas do programa das escolas de actividade física e saúde ano 2025 correspondente ao mes de maio 2025

ANUNCIO

Por resolución da concelleira delegada núm. 152/2026 de data 23 de febreiro de 2026, acordouse:

Primeiro: Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025 correspondente ao mes de maio 2025 que comprende 267 recibos, dos cales 143 son cotas cero, por un importe total de mil trescentos vinte un euros con vinte oito céntimos (1.321,28€)

Segundo: Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuintes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante dito prazo, o padrón aprobado estará a disposición do público nas oficinas do Departamento de Deportes sitas na rúa Río Barcés nº 6 (A Barcala).

Terceiro: Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 20.03.2026 ao 20.05.2026, ambos os dous incluídos. Transcurrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que legalmente procedan e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema, de acordo co previsto nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes nos dez primeiros días do período voluntario de pago.

Cuarto: Dar conta da presente resolución á Intervención e á Tesourería municipal a través da plataforma TEDeC.

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público dos padróns. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, desde a notificación da resolución expresa, ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Cambre, 24 de febreiro de 2026.

A concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico
PD (RA núm.396/2025 do 30 de abril)

Rúben Vázquez Pérez